

galicia

programa de promoción da
vida sen tabaco

Consellería
de Sanidade

Saúde Pública

Información
divulgativa

Praias sen fume

Fagámolo entre todos!



Praias sen fume

Eu apúntome!

E ti?

Por ti e por todos...

Recorda, ninguén vixía, é a túa elección

Elixo **praias sen fume**

Coñece as praias que forman parte da "Rede galega de praias sen fume" en:
<http://www.sergas.es/Saude-publica/Tabaco>



Desenho: Illu. S.4. Aguas de S.B.
Dep. Leg. n.º C. 1033/2016

Praias sen fume

Fagámolo entre todos!

No ano 2012 o Concello de Baiona puso en marcha unha campaña para a poboación co fin de promover que non se fumara nas súas praias. Así naceu “Praias sen fume”.

O “Programa Galego de Promoción dunha Vida Sen Tabaco” da Dirección xeral de saúde pública recolle esta iniciativa co fin de estendela por todo o litoral galego, creando a “Rede galega de praias sen fume”.

“Praias sen Fume” non ten un fin recadatorio, senón educativo, de promoción da saúde e de protección do medio ambiente, sendo o seu cumprimento voluntario.

Obxectivos:

Promocionar unha vida sen tabaco

Desnormalizar o consumo do tabaco na sociedade

Reforzar o papel modélico-positivo dos pais/nais

Formar unha rede galega de “Praias libres de tabaco”

Promover praias que respecten e coiden o medio ambiente

Razóns para escoller unha praia sen fume..

Porque...

Cada vez que prendemos un cigarrillo estamos poñendo en risco a nosa saúde e a dos que están connosco

Non podemos esquecer que o consumo de tabaco é a primeira causa de morbilidade e de mortalidade evitable, non fumar na praia será un paso máis para conseguir unha sociedade sen tabaco para todos e entre todos

Impórtanos o exemplo que lle damos aos nosos nenos/as e aos nosos mozos e mozas

É responsabilidade de todos contribuír a desnormalizar o consumo do tabaco na nosa sociedade, o noso posicionamento e a nosa forma de actuar fronte ao tabaco debe ser claro e exemplarizante. Nossos mozos teñen que ver que o normal é non fumar

Para disfrutar dun día de praia non fai falla fumar

A praia é un lugar lúdico para disfrutar da familia, da parella, da natureza, onde o fume de tabaco non ten cabida, sendo totalmente prescindible

Que é unha praia sen fume?

Unha praia onde non se fuma en toda a zona do areal, a partir da sinalización. Quedan excluídos da prohibición as zonas ao aire libre dos locais de hostalería situados na praia.

